

INSTALACIÓN:

En ordenador persoal:

Copiar todos os arquivos e carpetas mantendo a súa estrutura.

Para acceder á páxina inicial, abrir o arquivo `index.html` ou `index_ga.html` (versión en galego) cun navegador de Internet.

Para abrir os arquivos en formato.odp (extensión das presentacións feitas coa aplicación Impress de OpenOffice ou LibreOffice) hai que ter instalado un destes programas.

A presentación "Elementos da linguaxe gráfico-plástico" utiliza dous arquivos Flash (`coloresAditivos.swf` e `coloresSustractivos.swf`) que deben de manterse xunto á presentación para a súa correcta visualización.

Destes arquivos hai tamén unha versión en formato HTML que se pode ver en calquera navegador e outra en formato PDF pensada para facilitar a impresión e que pode abrirse con calquera lector de arquivos PDF.

As aplicacións prácticas interactivas teñen limitado por motivos de seguridade o acceso aos arquivos do ordenador cando se executan dende o propio ordenador. Por isto a aplicación non responderá se intentamos cargar unha imaxe nalgún dos exercicios. (Este problema non acontece cando este paquete está instalado nun servidor de internet ou ordenador que funcione como servidor nunha rede local).

Nun servidor:

Só se necesita copiar todos os arquivos e carpetas mantendo a súa estrutura.

Esta é a forma de usala máis axeitada xa que nos permitirá nos exercicios interactivos traballar con imaxes propostas polo profesor ou buscadas polos alumnos ademais de coas que a aplicación trae por defecto.

EXECUCIÓN:

As aplicacións prácticas interactivas están realizadas utilizando a linguaxe HTML5 e as follas de estilo CSS3.

Para poder traballar con eles debemos de utilizar un navegador compatible con esta linguaxe.

Os navegadores Chrome e Safari son os que maior calidade de visión ofrecen.

Os navegadores Firefox ou Opera son totalmente compatibles.

O navegador Internet Explorer é compatible de forma parcial a partir da súa versión 9. Algunhas das funcións e efectos visuais pódense perder.

Se tes algún problema o mellor é actualizar o navegador á versión máis moderna.

Se utilizas o sistema operativo Windows XP Internet Explorer non permite actualizar máis da versión 8, polo que directamente deberás utilizar outro navegador